

DECRETO NÚMERO 17011567 DO 29/12/2017

Ilma dona Rosana Rielo Rozas, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Concello e Cidadanía.

Intruído o expediente relativo á: **adxudicación de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro tramitadas na concellería de Servizos Xerais para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para o mantemento de equipamentos para o exercicio 2017.**

Visto:

1º.- As bases que regulan a concesión de **subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para o mantemento de equipamentos para o exercicio 2017**, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local núm. 18/654 da Xunta de Goberno Local, de data 25 de outubro de 2017, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 252 de 3 de novembro de 2017 e o extracto no BOP núm. 257, o 9 de novembro de 2017, na páxina Web e no Taboleiro do concello.

2º.- O informe da instrutora do expediente de concesión de subvencións correspondente ao departamento de Participación Cidadá para o exercicio 2017, no que se relacionan as entidades que cumpren os requisitos establecidos para obter subvención e aquelas que non cumpren estes requisitos polos motivos que se indican.

3º.- Que todas as entidades solicitantes propostas como beneficiarias presentaron xustificante de:

a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no municipio de Lugo e figurar, no caso de tratarse de asociacións, inscritas no Rexistro Municipal de asociacións do Concello de Lugo.

b) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Lugo respectivamente.

c) Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: subv competitivas 2017

Asunto: decreto de adxudicación

d) Tódolos demais requisitos establecidos nas bases reguladoras.

4º.- O informe da Comisión de Valoración de data 21 de decembro de 2017 no que se relacionan as entidades beneficiarias de subvención, coa puntuación obtida, a cantidade outorgada e a finalidade para que foi concedida.

5- A proposta de resolución á que prestou a súa conformidade a Concelleira Delegada da Área de Concello e Cidadanía.

A fiscalización de conformidade de Intervención de data 29 de decembro de 2017 mediante dilixencia de conformidade no informe proposta do servizo de data 29 de decembro de 2017.

En base o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 13/804, de data 27 de decembro de 2017 que delega na Concelleira delegada da Área de Concello e Cidadanía a concesión (disposición de gasto) **de subvencións a asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro tramitadas na concellería de Servizos Xerais para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial e para o mantemento de equipamentos para o exercicio 2017.**

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o gasto e a adxudicación de subvencións ás asociacións e entidades sen fin de lucro que desenvolven a súa actividade no eido da participación cidadá, por un importe total de 43.668,56 € con cargo á partida orzamentaria 9240048900-RC 201700068431 do vixente orzamento municipal, segundo o seguinte detalle:

ENTIDADE	CIF	puntos	ORZAMENTO	Subvención	sub a pagar	A XUSTIFICAR	PROGRAMA
AAVV BENADE - CALBRAVA	G27296441	11,13	2.577,04	1.129,70	1.129,70	1.645,11	ENTROIDO, VIAXE CULTURAL, CAMPIONATO DE TUTE
ASOCIACIÓN VECIÑOS GATOS ROXOS	G2724000	9,11	3.995,00	925,04	925,04	1.724,04	XIMNASIA DE MANTENEMENTO, ACTIVIDADES VECIÑAIS E CULTURAIAS

APA DEL COLEGIO MARISTA LA INMACULADA LUGO	G27041102	14,92	14.135,93	1.514,75	1.514,75	4.341,94	CARNAVAIS, FESTA DA FAMILIA, ARDE LUCUS, SAMAIN, FESTA NADAL, EXCURSION FERROL, PASEO POLO RÍO MIÑO, EXCURSIÓN AVIFAUNA, EXCURSIÓN Á REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL LUGO
ANPA CEIP ROSALIA DE CASTRO	G27126234	9,18	4.074,00	932,03	932,03	1.746,83	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E MANTEMENTO
ASOCIACION DE CRIADORES/AS DE OVINO E CAPRINO DE GALICIA	G15476286	13,18	3.710,94	1.338,57	1.338,57	2.080,76	PROMOCIÓN MARCA CORDEIRO E CABRITO PASTORES DE GALICIA
ASOCIACION DE CRIADORES DE LA RAZA PORCINA CELTA	G27243500	10,11	4.400,88	1.026,78	1.026,78	1.906,95	MANTEMENTO INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS E GASTOS COMÚNS DE ASOPORCEL
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS, CULTURAL E DEPORTIVA SAN XOÁN DE TIRIMOL	G27151810	12,60	2.767,62	1.279,41	1.279,41	1.832,93	XORNADA DE ENCONTRO VECIÑAL, MAGOSTO, MANTEMENTO LOCAL
ENTIDADE	CIF	puntos	ORZAMENTO	subvención	sub a pagar	A XUSTIFICAR	PROGRAMA
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E CULTURAL DE BOCAMAOS	G27100668	6,07	400,00	616,69	320,00	400,00	ACTIVIDADES CULTURAIAS E DE ANIMACIÓN
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS E CONSUMIDORAS "A LANDRA"	G27149111	8,63	1.450,00	875,89	875,89	1.165,89	OBRADOIRO MANUALIDADES RECUPERACIÓN PEZAS ANTIGAS
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS, CULTURAL E DEPORTIVA "CASTELO-RATO"	G27251594	6,24	1.963,55	633,16	633,16	1.025,87	MAGOSTO E EXCURSIÓN
ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO DO CEIP LUIS PIMENTEL TRISCOS	G27416627	12,08	7.277,19	1.226,57	1.226,57	2.682,00	EDUCATIVO
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA MILAGROSA	G27144856	4,21	2.650,00	427,63	427,63	957,63	ENTROIDO, MAGOSTO
ASOCIACIÓN DE VECINOS DE "AS REGAS"	G27114149	7,14	2.884,73	725,00	725,00	1.301,94	FIESTA PATRONAL, HOGUERA, COMIDA

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: subv competitivas 2017

Asunto: decreto de adxudicación

ASOCIACION PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA (ADEGA)	G15044811	16,74	11.712,00	1.699,51	1.699,51	4.041,91	DEFENSA DA NATUREZA E DO PATRIMONIO
ASOCIACIÓN DE PADRES DE ALUMNOS DEL C.E.I.P. "PARADAI"	G27032218	9,55	1.604,48	969,77	969,77	1.290,67	VISITA MUSEOS, EXCURSIÓN, CARNAVAIS, ARDE LUCUS, SAMAIN
ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AMAS DE CASA Y CONSUMIDORES DE LUGO "LUCUS"	G27031103	6,05	935,00	614,57	614,57	801,57	AUTOCUIDADO DA SAÚDE; A ALIMENTACIÓN
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE AMAS DE CASA, CONSUMIDORES Y USUARIOS DE LUGO "AVANTAR"	G27276922	9,00	975,00	913,74	780,00	975,00	ACTIVIDADE "NON RÓMPAS O ESFORZO DE TODOS: RECICLA"
ASOCIACION DE VECIÑOS PEDROUCES PARROQUIA COEO	G27473289	7,64	2.078,31	776,08	776,08	1.191,75	COMIDA VECIÑAL SAN XOÁN
ENTIDADE	CIF	puntos	ORZAMENTO	subvención	sub a pagar	A XUSTIFICAR	PROGRAMA
ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE LA 1ª TRANSFORMACION DE LA MADERA DE LUGO	G27030915	15,75	12.529,82	1.598,84	1.598,84	4.104,81	ACTIVIDADES PROFESIONAIS
ASOCIACION BULE BULE	G27365758	10,61	1.491,88	1.076,79	1.076,79	1.375,16	ACTIVIDADE "EDUCACION EN EL TDAH"
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "ACHEGATE" DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BASCUAS	G27263847	12,09	2.292,79	1.227,46	1.227,46	1.686,02	FOGUEIRA SAN XOAN E MAGOSTO, DÍA DO PEREGRINO E FESTA FIN ANO
ASOCIACIÓN DE VECINOS DE AS CARBALLEIRAS DE BOSENDE-PAREDES-ANGUIEIRO	G27254804	8,61	5.000,00	874,27	874,27	1.874,27	OCIO Y CULTURA EN BOSENDE
APA COL NAL MIXTO LAS MERCEDES	G27130301	10,13	8.051,57	1.028,93	1.028,93	2.639,25	PROXECTO "APRENDEMOS XUNTOS"
ASOCIACIÓN DE VECINOS DE SANTA EULALIA DE ESPERANTE	G27109131	11,28	2.280,00	1.144,77	1.144,77	1.600,77	MAGOSTO, VIAXE TURÍSTICA

ASOCIACIÓN VECINAL SAN PEDRO DE SANTA COMBA "OS FERREIROS".	G27281047	7,58	2.348,50	770,06	770,06	1.239,76	VISITA VIVEIRO, MAGOSTO
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN XOÁN DO CAMPO	G27236660	12,64	11.405,50	1.283,07	1.283,07	3.564,17	EXCURSIÓN, COMIDA NADAL, FESTAS PATRONAIS
ASOCIACION DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS DO COLEXIO SALESIANO DIVINA PASTORA	G27458082	8,65	4.746,58	878,04	878,04	1.827,36	ESTIMULACIÓN A LECTOESCRITURA, TALLERES IGUALDADE XÉNERO, FESTAS
ASOCIACION PROFESIONAL LYOGLOBALTEAM	G27425370	8,82	2.380,00	895,26	895,26	1.371,26	TALLER MONTAXE DRONS
ANPA ABELLADO CEIP CASAS	G27414051	6,17	3.329,90	626,05	626,05	1.292,03	ENTROIDO, TALLERES, SAMAIN, FESTA NADAL
ENTIDADE	CIF	puntos	ORZAMENTO	subvención	sub a pagar	A XUSTIFICAR	PROGRAMA
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS IRMÁNS PEDROSA POSADA E FRANCISCO NORTE REMÓN	G27105451	7,57	4.242,00	768,44	768,44	1.616,84	COMIDA VECIÑAL, VIAXE PORTUGAL
ASOCIACION VECIÑAL DE SANTIAGO DE SAA	G27041565	10,68	350,00	1.084,32	280,00	350,00	LUME NOVO
ASOCIACIÓN DE VECINOS DE "LAS CAMPAS DE GALEGOS"	G27240233	6,07	650,00	616,69	520,00	650,00	MAGOSTO
ASOCIACIÓN "PEIZAL-OUTEIRO-SAN VICENTE DE PEDREDA"	G27241918	8,07	2.026,85	818,99	818,99	1.224,36	MANTENEMENTO DO LOCAL SOCIAL E SAN XOÁN
ASOCIACIÓN CARBALLEIRA DE NADELA	G27317858	6,02	1.445,95	610,88	610,88	900,07	ENTROIDO
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "OS SEIS MUIÑOS"	G27288919	9,59	2.580,98	973,54	973,54	1.489,74	VIAXE LEÓN
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANDRÉS DE CASTRO	G27170067	5,09	700,00	516,35	516,35	656,35	MAGOSTO

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: subv competitivas 2017

Asunto: decreto de adjudicación

ASOCIACIÓN VECINAL, CULTURAL, DEPORTIVA "SAN ISIDRO" PIRINGALLA	G27169705	3,07	1.100,00	311,79	311,79	531,79	FOGUEIRA SAN XOAN
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "RÚA ALTA" DE SANTA MARÍA ALTA	G27251503	4,08	850,00	413,85	413,85	583,85	ACTIVIDADES CULTURAI
LUGO EN DEFENSA DE LOS ANIMALES	G27487024	12,52	9.174,00	1.271,23	1.271,23	3.106,03	ACTIVIDADES CONCIENCIACIÓN ABANDONO ANIMAIS
ASOCIACION CULTURAL RECREATIVA FUTBOLIN	G27450220	5,04	1.650,00	512,15	512,15	842,15	REALIZACIÓN CAMIÑO SANTIAGO
APA DEL COLEGIO PÚBLICO DE ALBEIROS	G27119668	11,76	6.310,38	1.194,14	1.194,14	2.456,21	ACTIVIDADES TEMÁTICAS ANUAIS
ENTIDADE	CIF	puntos	ORZAMENTO	subvención	sub a pagar	A XUSTIFICAR	PROGRAMA
ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO CEIP ILLA VERDE - ROI XORDO	G27043033	13,62	12.554,00	1.382,77	1.382,77	3.893,57	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
ASOC PARA PROXECTOS GLOBAIS DE INSERCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIO LABORAI - "ALAR GALICIA"	G15775901	11,54	3.300,00	1.171,21	1.171,21	1.831,21	PROXECTO MELLORA
ASOCIACION EDUCATIVA NENA MEDRAR CREANDO	G27467976	16,02	3.930,00	1.626,25	1.626,25	2.412,25	PROGRAMA ANUAL
ASOCIACIÓN RABADENSE DE ACTIVIDADES CON ANIMAIS (ARACÁN)	G27492271	7,01	2.400,00	711,98	711,98	1.191,98	PROXECTO ACTIVIDADES ASISTIDAS CON CANS
FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	G24452435	19,57	3.150,00	1.986,97	1.986,97	2.616,97	MANTEMENTO DE EQUIPAMENTO SOCIOCOMUNITARIO BARRIO MILAGROSA

Total Puntos: 443,23**Valor punto: 101,53****Total Concedido: 43.668,56 €**

SEGUNDO.- Desestimar as solicitudes das asociacións que de seguido relaciónanse, cos motivos que se indican:

a) A Asociación que presentou a solicitude por duplicado sendo valorada pola Concellería de Servizos Sociais é:

- FUNDACIÓN INGADA - (G70394374)

TERCEIRO.- Tomar nota das seguintes renuncias:

- ASOCIACIÓN FENILCETONÚRICA DE GALICIA (114) – (G15340474)

- ASOCIACION CULTURAL SALESIANI LUCI AUGUSTI (613) – (G27454255)

CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 8 “Xustificación do gasto e pagamento da subvención” das bases que rexen a adxudicación deste tipo de subvencións, durante o exercicio económico de 2017, faise constar que:

Artigo 8. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades ou asociacións beneficiarias deberán presentar no servizo correspondente a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos, xunto cunha relación dos gastos e ingresos relativos á actividade subvencionada redactada pola propia asociación. No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento, deberán especificarse a persoa usuaria, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible, deberá acreditarse o nome e DNI da persoa desprazada.

b) Anexos V, VI, VII e VIII (neste último caso soamente se presenta gastos de local e persoal propio da asociación). Deberase xuntar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa actividade subvencionada, así como recortes de prensa, enlaces ou/e capturas de pantalla nas redes sociais e fotografías, coa data impresa.

c) Facturas e demais documentos de valor probatorio, de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d. 1496/2003, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal e, segundo o establecido no R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, as facturas deberán conter:

- **Número.**

- **Data de expedición.**

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: subv competitivas 2017

Asunto: decreto de adxudicación

- Razón social, NIF e enderezo do emisor e receptor.
- Descrición das operacións obxecto da factura.
- Detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.
- Tipo impositivo.
- Cota tributaria.
- Data de prestación do servizo, se esta é diferente ao da expedición da factura.
- Xustificante de estar pagadas, co selo e firma da empresa provedora (facturas por valor de 300 euros ou inferior) e con *acreditación do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria, tendo en conta que deberá indicarse o concepto da transferencia (facturas superiores a 300)*.
- No caso de desprazamentos, deberá indicarse na factura o nome e DNI da persoa desprazada.

Os documentos presentados deberán ser validados e selados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación – na porcentaxe que corresponda en cada caso - da subvención concedida. Se se presentasen fotocopias, deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se establece nas bases de execución do presuposto.

Deberán presentarse, ademais das facturas correspondentes ao gasto subvencionado polo Concello, as facturas correspondentes ao 20% do gasto total proposto e orzamentado no proxecto concreto ao que se lle outorga a subvención.

Este 20% debe ser asumido, exclusivamente, pola asociación ou entidade, pois non é subvencionable por administración ou entidade pública ou privada ningunha.

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores delas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

d) Declaración xurada dos seguintes aspectos (segundo modelo do anexo VI):

- Que as facturas non foron nin serán presentadas- na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo mais o 20% do orzamento presentado- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Ter recibido ou non outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para a mesma finalidade.
 - Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción de comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.
 - Estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
 - Que todos os gastos presentados como xustificación se aboaron efectivamente.
 - Que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade.
 - As facturas presentadas non son emitidas por ningún membro nin familiar de primeiro e segundo grao, en consanguinidade e afinidade, da directiva da asociación que se subvenciona.
 - As condicións da proposta presentada no anexo III mantivéronse durante todo o ano 2017.
 - Que na realización do programa non realizaron actos ou publicidade que insultaran ou agrediran ás mulleres.
- Que o **gasto xustificado non serve de xustificación para ningún outro programa subvencionado.**

-No caso de presentar gastos de persoal: O persoal contratado presentado na solicitude estivo adscrito á programación e actividades obxecto desta subvención, non percibindo ningunha outra subvención neste concepto.

No caso de existir desviacións económicas respecto ao orzamento inicial presentado, deberá achegar un informe explicativo das ditas desviacións.

A data límite para xustificar a subvención concedida será a do **28 de febreiro de 2017**. No caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que comportará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Non é admisible como gasto xustificativo o que non teña que ver directamente coa actividade.

No caso de comprobar que no proxecto subvencionado realizáronse actos denigrantes para a muller provocará a perda da subvención.

Non se admitirán facturas de publicidade que supoñan máis do 10% do importe da subvención concedida, salvo xustificación de que a realización do gasto é esencial para o desenvolvemento da actividade ou programa.

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: subv competitivas 2017

Asunto: decreto de adxudicación

Lémbrese o establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, do 17 de novembro, relativo á obriga de presentar tres presupostos ou ofertas para xustificación dos gastos de servizos e subministracións de contía superior aos 17.999 euros, para os casos así establecidos neste artigo.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días contados dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

QUINTO.- Notifíquesele a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer-se los seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da xurisdición de Lugo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto, o cal pon fin á vía administrativa (Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante o mesmo organo que dictou o acto o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Cúmprase.